
Actividade para o alumnado

A décimo sexta edición da Feira Matemática celebrouse este ano o 15 de abril de 2023, no Hall de Proa de PALEXCO (A Coruña). Despois de dous anos de parón a causa da pandemia da Covid-19, e da significativa redución das persoas participantes na pasada edición do ano 2022 motivada polas restricións aínda presentes, este ano tivemos de novo unha gran participación dos centros educativos e das institucións, como viña sendo habitual.

O lema que adoptou este ano a Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas (FESPM) para o Día Escolar das Matemáticas foi “As matemáticas dos volcáns”, e así o adoptamos nós tamén para a Feira. O Día Escolar das Matemáticas (o 12 de maio, aniversario do nacemento de Pedro Puig Adam) foi establecido como unha oportunidade para realizar actividades que visualicen as matemáticas e a súa importancia na nosa sociedade. A erupción do volcán na illa canaria de La Palma no ano 2021 marcou moito o noso país, de aí a elección do lema desta edición, e estivo moi presente nas actividades da nosa feira, xa que moitas das persoas participantes colaboraron para amosar a relación dos volcáns e as Matemáticas.



Como de costume, ás 11 horas foi a inauguración oficial, na que estaban presentes: en representación da Alcaldía, D. Jesús Javier Celemín Santos, Concelleiro de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego, en representación da Universidade da Coruña estivo o seu reitor D. Julio Abalde Alonso e en representación do Comité Organizador e de AGAPEMA, M.^a Cristina Naya Riveiro, como delegada da zona de A Coruña. Despois das súas verbas de benvida, fixémonos todos a foto tradicional nas escaleiras exteriores do Hall de Proa de PALEXCO.

De seguido empezaron as actividades que están recollidas no [programa](#), onde o público participou moi por riba das nosas expectativas, chegando a colapsar case algún dos espazos, coma outros anos. Este ano batemos un novo récord de participación, pois contabilizamos máis de catro mil visitantes, entre xente miúda, nova e persoas adultas, aos que hai que engadir os 151 estudantes que se foron rotando ao longo do día á fronte dos distintos postos e os 108 docentes que os acompañaban.

As actividades comezaron cun obradoiro de papiroflexia, á fronte do cal estaba Roberto Santomé Varela, que encheu a súa mesa de paxariñas, animais e outras figuras que puideron levar de recordo, así como aprender a facelos, moitos dos rapaces e rapazas que se apiñaban ao redor da súa mesa.

Á mesma hora, ás 11:45 h, iniciouse tamén a actividade da “Pescuda do Tesouro”, na que os participantes debían resolver diversas situacións para atopar ao final diversos premios. Esta actividade foise repetindo cada 15 minutos, tanto ao longo da mañá como da tarde.

Este ano, por primeira vez, contamos coa colaboración da Protección Civil Municipal, que participou cun posto no cal en varias quendas (de mañá e de tarde) fixeron varias mostras de reanimación cardiopulmonar e outras técnicas de protección civil.

Outra actividade que tivemos, tanto á mañá como á tarde, foi unha exhibición polos corredores e espazos da Feira do noso habitual mago, Nacho González, quen sorprendeu a cativos, cativas e adultos cos seus maravillosos trucos e demostracións da arte da maxia de proximidade.



Despois do merecido descanso para xantar, coas bolsas de bocadillos e froita que xenerosamente nos aporta a universidade, reiniciamos as actividades da tarde, aínda que tamén durante este descanso a afluencia de visitantes continuou, pois en ningún momento se pecharon as portas nin os distintos postos.

A tarde presentouse máis animada se cabe que a mañá, aumentando moito o número de persoas visitantes conforme nos acercabamos á hora do peche, que xa dende estas dúas últimas edicións da Feira se retrasou ata as 20 horas.

Como xa vimos facendo dende hai varios anos, tamén se convocaron os concursos de Fotografía Matemática, Matmonólogos e Esopías, nos que se puido participar por medio do [mateblog](#). Nesta edición admitíronse para os concursos 53 esopías, 57 fotografías e 1 matmonólogo. Ás 19 horas foi a entrega dos premios nos tres concursos e nas diferentes categorías en cada un deles.

Finalmente, rematamos coa última actividade, xa clásica nas nosas Feiras Matemáticas, o “Bingo Matemático”, onde as persoas asistentes, pequenas e maiores, afanábanse en resolver as sinxelas operacións matemáticas que se ían cantando para acadar o ansiado “bingo”!



Ademais deste relato das actividades que aparecen no programa, non podemos deixar de mencionar o que é a esencia mesma da Feira Matemática, os postos, onde se fan as transaccións típicas de toda feira, aínda que nesta nosa non son monetarias, senón de coñecemento. Os postos estiveron moi ocupados toda a xornada, atendidos por moitas rapazas e rapaces dos colexios participantes, e tamén contamos con outros de entidades, xa coñecidas de anteriores anos, coma o Instituto Galego de Estatística, os Museos Científicos Coruñeses, o Instituto Universitario de Estudos Marítimos, a Federación Provincial de Anpas - Servizo Municipal Educación, o Proxecto EsTalMat, a Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, o Colexio Oficial de Médicos da Coruña, Protección Civil Municipal, AtlanTICs, Jogos Besa e Crecer Creando. Tamén é obrigado reconecer aquí a colaboración de varias editoriais e empresas que nos fan doazón de libros e regalos que os participantes e visitantes poden adquirir coa nosa moeda, o “agapemo”, que conseguen facilmente participando nas actividades que se amosan nos diferentes postos.

Rematada a Feira Matemática e xa pensando na décimo sétima edición, temos que agradecer a colaboración das distintas entidades, públicas e privadas, principalmente o Concello de A Coruña e todo o persoal de PALEXCO, que fan que eventos como este poidan celebrarse.



Comisión Organizadora da XVI Feira Matemática:

Enrique de la Torre Fernández

M.^a Cristina Naya Riveiro

Elena Segade Pampín

César Docanto Vázquez

M.^a Pilar Orizales Teijeiro

Raquel Seiseddos Hermo

Óscar Domínguez Pérez

Carmen Peñamaría Ramón

M.^a Alicia Vázquez Veiga

Santiago López Arca

Sandra Sambade Nieto

Francisco Vila Baleato

Isabel Miguélez Pose